

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA E PESCA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

811 *Corrección de erros do Real decreto 597/2016, do 5 de decembro, para a aplicación das medidas do programa de apoio 2014-2018 ao sector vitivinícola.*

Advertido erro no Real decreto 597/2016, do 5 de decembro, para a aplicación das medidas do programa de apoio 2014-2018 ao sector vitivinícola, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega ao número 294, do 6 de decembro de 2016, procédese a efectuar a oportuna rectificación:

Na páxina 32, artigo 64.2, primeiro parágrafo, onde di: «As solicitudes das persoas xurídicas deberanse presentar ante o órgano competente da comunidade autónoma en que radique o solicitante, de maneira electrónica,...», debe dicir: «As solicitudes das persoas xurídicas deberanse presentar ante o órgano competente da comunidade autónoma en que radique o solicitante, antes do 1 de febreiro de 2017, de maneira electrónica,...».